



VETERANOS ACTIVOS

RUTA DO CAMIÑO DO MIÑO DE RÁBADE A HOMBREIRO(Lugo) MÉRCORES 5 DE FEBREIRO DE 2025

A ruta do Río Miño discorre practicamente a beira do río en cuestión. Só imos facer una parte da ruta, a que consideramos que é mais interesante. Como podedes imaxinar, non ten dificultades, é moi planita e non require unha gran preparación.

Partimos do concello de Rábade, xunto a **Ponte de pedra** para enlazar a continuación coa ruta orixinal unha vez atravesado o río Miño pola ponte e entraremos xa no concello de Outeiro de Rei. Enganchamos cun fermoso pazo, o **Pazo de Mirapeixe** pero que é privado e está en uso. De xeito, se a porta de entrada está aberta pódense ver uns xardíns moi ben coidados que da unha idea do resto aínda que non se poida ver.

Camiñamos e atravesamos a N-VI seguindo o Camiño e chegamos a aldea de Santa Mariña. Non queda outra que seguir o trazado da ruta que, de momento, lévanos por asfalto pero cunha paisaxe arborado que non desmerece. Ó chegar a Santa Mariña atopámonos con dúas construcións interesantes: a **Casa Abeleira** e a **Igrexa de Santa Mariña**. A primeira unha casa grande, que é privada, pero apréciase a importancia dela. A Igrexa forma parte do Cemiterio de Santa Mariña e é unha construción moderna do século XVIII.

Seguimos un traxecto mais ate atoparnos coa **Área Recreativa de Outeiro de Rei** onde no río construíron un caneiro impresionante. A área en verán é unha delicia, verde e arborada. Seguido, deixamos atrás un vello muiño que parece estar habitado como vivenda e seguimo até o punto no que o río Ladra desemboca no Miño, que nesta época do ano é impresionante polo caudal que levan os dous ríos.

Avanzando un pouco máis achegámonos ate o **Caneiro de Piago**. Outro impresionante que tamén serviu para a pesca e que ten dous paisaxes distintos: con auga (e nótase a o inmeso caudal do Miño e a forza que leva), e sin auga (é unha grande zoa granítica que serve como lugar de refresco e baño en verán).

Acercarémóns a aldea de **Robra**, atravesamos a ponte do Miño para coller a súa marxe dereita e deixamos enfrente a aldea de **Martul** para camiñar a carón do Miño. Na aldea de Martul quedan dúas cousas moi interesantes, a igrexa románica de **San Pedro** e unha ruta arqueolóxica (a ruta do Acevedo) que non podemos facer pero que é moi interesante.

Seguimos ate apreciar o comenzo dunha insua no

medio de río, que moi probablemente acade os cen metros de ancho. Chegamos a unha ponte colgante (a **Ponte de Parada**) que danos acceso a insua-bosque (**Insua de Seivane**) e que a rodearemos para devolvernollos (unha vez volta a atravesar a ponte) o sendeiro que levaranos ate o remate da ruta un par de kilómetros máis adiante onde conectaremos coa estrada de Gondai.

Rematada a ruta senderista, o autobús levaranos ate un bar en Ponte Hombreiro onde poderemos repoiñar forzas para achegarnos despois a Lugo e poder visitar algunhas das maravillas romanas que a cidade posúe.

Trataremos de visitar a igrexa de San Pedro de Martul e en Lugo algunhas das construcións romanas menos coñecidas (deixaremos a muralla para outra ocasión) e visitaremos o Centro de interpretación da muralla, a Casa dos mosaicos, el C.A San Roque, a Domus de Mitreo e se o tempo nos chega a Sala Porta Miña (a Cloaca romana).

Deixovos un enlace para os que queiran:

<https://concellodelugo.gal/gl/lugo-destino-turistico>

Distancia: 11 km Dificultade: baixa.

Desnivel subida: 172 De baixada 168 m

Guía: **SEGISMUNDO**

XANTAR DE PRATO.

Para quen queira, encargamos un **menú de grupo. 1º** Prato de culler, posiblemente caldo. **2º** Codillo o forno. Sobremesa, tarta de queixo.

Viño da casa, gaseosa, auga e café. **Total 15€.**

IMPORTANTE. O custo págase coa inscrición. O xoves día 30, temos que dar a lista ao restaurante. Quen cause baixa, despois desta data, pode perder o custo da comida, si non se cubre a praza, ou si quen a cubra, no quere menú.

A SAÍDA

As 9 horas, da parada de bus de Deportienda no Pavillón de Riazor, coas paradas de Juan Flórez, Alfonso Molina e Carrefour.

AS SEGUINTE RUTAS SON:

16 Febreiro. Coñece e Camiña. Túneles de Bregua (Cerceda - A Coruña).

19 Febreiro. Veteranos Activos. Circular de Coles (Ourense).

21.Febreiro. Marcha Nórdica. Curso iniciación. Parque de San Diego

